

Doce. O artigo 1348 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1348.

Sempre que pertenza privativamente a un dos cónxuxes unha cantidade ou crédito pagadoiros en certo número de anos, non serán gananciais as sumas que se cobren nos prazos vencidos durante o matrimonio, senón que se estimarán capital dun ou doutro cónxuxe, segundo a quen pertenza o crédito.»

Trece. O artigo 1351 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1351.

As ganancias obtidas por calquera dos cónxuxes no xogo ou as procedentes doutras causas que eximan da restitución pertencerán á sociedade de gananciais.»

Catorce. O artigo 1361 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1361.

Presúmense gananciais os bens existentes no matrimonio mentres non se probe que pertencen privativamente a un dos dous cónxuxes.»

Quince. O parágrafo 2.º do artigo 1365 queda redactado nos seguintes termos:

«2.º No exercicio ordinario da profesión, arte ou oficio ou na administración ordinaria dos propios bens. Se un dos cónxuxes for comerciante, observarase o disposto no Código de comercio.»

Dezaseis. O artigo 1404 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1404.

Feitas as deducións nos bens inventariados que prefixan os artigos anteriores, o remanente constituirá o haber da sociedade de gananciais, que se dividirá por metade entre os cónxuxes ou os seus respectivos herdeiros.»

Dezasete. O artigo 1458 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1458.

Os cónxuxes poderanse vender bens reciprocamente.»

Disposición adicional primeira. *Aplicación no ordenamento.*

As disposicións legais e regulamentarias que conteñan algunha referencia ao matrimonio entenderanse aplicables con independencia do sexo dos seus integrantes.

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o Rexistro civil.*

Un. O artigo 46 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 46.

A adopción, as modificacións xudiciais de capacidade, as declaracións de concurso, ausencia ou falecemento, os feitos relativos á nacionalidade ou veciñanza e, en xeral, os demais inscribíbles para os cales non se establece especialmente que a inscrición se faga noutra sección do rexistro, inscribi-

ránse á marxe da correspondente inscrición de nacemento.

Cantos feitos afecten a patria potestade, salvo a morte dos proxenitores, inscribíranse á marxe da inscrición de nacemento dos fillos.»

Dous. O artigo 48 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 48.

A filiación paterna ou materna constará na inscrición de nacemento á súa marxe, por referencia á inscrición de matrimonio dos pais ou por inscrición do recoñecemento.»

Tres. O artigo 53 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 53.

As persoas son designadas polo seu nome e apelidos, correspondentes a ambos os proxenitores, que a lei ampara fronte a todos.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación civil recoñecida polo artigo 149.1.8.ª da Constitución española sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan e das normas aprobadas por estas en desenvolvemento das súas competencias en dereito civil.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Valencia, 1 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

11365 LEI 14/2005, do 1 de xullo, sobre as cláusulas dos convenios colectivos referidas ao cumprimento da idade ordinaria de xubilación. («BOE» 157, do 2-7-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei ten por obxecto incorporar ao texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, unha disposición para que nos convenios colectivos se poidan establecer cláusulas que posibiliten, en determinados

supostos e baixo certos requisitos, a extinción do contrato de traballo ao cumprir o traballador a idade ordinaria de xubilación. Unha previsión legal similar foi derrogada polo Real decreto lei 5/2001, do 2 de marzo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, no entendemento de que a devandita disposición «estimulaba a adopción de medidas dirixidas a lograr a xubilación forzosa dos traballadores de maior idade e a súa retirada do mercado de traballo, como instrumento no marco dunha política de emprego inspirada en concepcións e apoiada en realidades demográficas e do mercado de traballo claramente desactualizadas». A Lei 12/2001, do 9 de xullo, froito da tramitación parlamentaria do citado real decreto lei, ratificaría esa derogación, aínda que matizou a súa xustificación.

Esa derogación non ía acompañada doutras medidas legais que invalidasen automaticamente ou que imposibilitasen este tipo de cláusulas dos convenios colectivos á vista da forza vinculante que o artigo 37.1 da Constitución lles recoñece aos convenios colectivos. No entanto, recentes sentenzas do Tribunal Supremo interpretaron, en síntese, que, dada a ausencia dunha norma legal habilitante da negociación colectiva nesta materia, non é actualmente posible establecer nos convenios colectivos cláusulas con esta finalidade. Esta interpretación xurisprudencial supuxo que, a día de hoxe, se producise certa inseguridade xurídica que está motivando problemas na negociación colectiva en determinados ámbitos.

Como consecuencia disto, as organizacións empresariais e sindicais que asinaron o Acordo interconfederal para a negociación colectiva, vixente para 2004 (a Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e a Mediana Empresa, a Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras), dirixíronse ao Goberno para expresaren a súa preocupación polos efectos que a doutrina xudicial puidese ter no desenvolvemento das relacións laborais e, en particular, na negociación colectiva, cuxo equilibrio interno, continúan dicindo as indicadas organizacións, está construído sobre mutuas renuncias das partes negociadoras.

Por esas razóns, as citadas organizacións solicitaron do Goberno que, coa maior brevidade posible, promova a oportuna reforma normativa que dote da necesaria seguridade xurídica a negociación colectiva.

Por outra parte, o Goberno, a Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e a Mediana Empresa, a Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras subscribiron o 8 de xullo de 2004 a Declaración para o diálogo social 2004 «Competitividade, emprego estable e cohesión social», en que se comprometen a abordar no diálogo social determinadas materias, entre as cales se inclúe esta reforma normativa. Nese marco, o Goberno e as citadas organizacións empresariais e sindicais acadaron un acordo sobre esta reforma normativa que se incorpora nos seus propios termos nesta lei.

II

A norma que agora se aproba ten en conta, como non pode ser doutra forma, tanto a reiterada doutrina do Tribunal Constitucional sobre esta cuestión (en particular, as sentenzas 22/1981, do 2 de xullo, e 58/1985, do 30 de abril), como as prescricións da Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, especialmente o establecido no seu artigo 6.1, que lles permite aos Estados membros disporen que as diferenzas de trato por motivos de idade non constituirán discriminación se están

xustificadas obxectiva e razoablemente, no marco do dereito nacional, por unha finalidade lexítima, incluídos os obxectivos lexítimos das políticas de emprego, do mercado de traballo e da formación profesional, e se os medios para lograr este obxectivo son adecuados e necesarios.

De acordo co anterior, no texto da disposición que se incorpora á Lei do Estatuto dos traballadores os obxectivos de política de emprego que xustificarán a introdución de cláusulas nos convenios colectivos que possibiliten a extinción do contrato de traballo cando o traballador cumpra a idade ordinaria de xubilación non serán xa de carácter xenérico e incondicionado, como na anterior redacción da disposición adicional décima, senón que se deberán expresar no convenio colectivo, mencionando a lei obxectivos lexítimos tales como a mellora da estabilidade no emprego, a transformación de contratos temporais en indefinidos, o sostemento do emprego, a contratación de novos traballadores ou calquera outro que se dirixa a favorecer a calidade do emprego. Trátase, en todos os casos, de obxectivos compatibles co mandato aos poderes públicos de realizar unha política orientada ao pleno emprego contido no artigo 40 da Constitución e coa política de emprego desenvolvida en España no marco da estratexia coordinada para o emprego regulada polo Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Perséguese así conciliar adecuadamente os dereitos individuais dos traballadores cos intereses colectivos derivados de circunstancias concretas relacionados co emprego. Ademais, establécese como requisito para estas cláusulas que o traballador cuxo contrato se pode extinguir por razón do cumprimento da idade ordinaria de xubilación teña nese momento asegurado o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva por ter cuberto o período mínimo de cotización, ou un maior se así se pactase no convenio colectivo, e cumprir os demais requisitos exixidos pola lexislación de Seguridade Social. Protéxense desta maneira as expectativas dos traballadores para accederen á xubilación nunhas condicións máis axeitadas evitando a interrupción de carreiras de cotización de alcance máis limitado por razóns alleas á vontade do traballador, o que resulta máis acorde coas situación actual do mercado de traballo e coa regulación vixente da xubilación en España.

A nova regulación inclúe unha disposición transitoria para determinar o réxime aplicable aos convenios colectivos anteriores á data de entrada en vigor desta lei.

Artigo único. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.*

Inclúese unha disposición adicional décima no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Cláusulas dos convenios colectivos referidas ao cumprimento da idade ordinaria de xubilación.*

Nos convenios colectivos poderanse establecer cláusulas que possibiliten a extinción do contrato de traballo polo cumprimento por parte do traballador da idade ordinaria de xubilación fixada na normativa de Seguridade Social, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Esta medida deberase vincular a obxectivos coherentes coa política de emprego expresados no convenio colectivo, tales como a mellora da estabilidade no emprego, a transformación de contratos temporais en indefinidos, o sostemento do emprego, a contratación de novos traballadores ou

calquera outro que se dirixa a favorecer a calidade do emprego.

b) O traballador afectado pola extinción do contrato de traballo deberá ter cuberto o período mínimo de cotización ou un maior se así se pactou no convenio colectivo, e cumprir os demais requisitos exixidos pola lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva.»

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable aos convenios colectivos anteriores á entrada en vigor desta lei.*

As cláusulas dos convenios colectivos celebrados con anterioridade á entrada en vigor desta lei nas cales se pactase a extinción do contrato de traballo polo cumprimento por parte do traballador da idade ordinaria de xubilación consideraranse válidas sempre que se garanta que o traballador afectado teña cuberto o período mínimo de cotización e que cumpra os demais requisitos exixidos pola lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva.

O disposto no parágrafo anterior non afectará as situacións xurídicas que acadasen firmeza antes da citada entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Valencia, 1 de xullo de 2005.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

11371 *REAL DECRETO 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos.* («BOE» 157, do 2-7-2005.)

A Lei 24/1999, do 6 de xullo, procedeu a modificar o artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, referido á extensión de convenios colectivos, e introduciu cambios substanciais na súa regulación. Como consecuencia disto, resulta necesario modificar, tamén substancialmente, a norma regulamentaria que ata o de agora desenvolvía o disposto no indicado artigo 92.2 do Estatuto dos traballadores, que foi aprobada polo Real decreto 572/1982, do 5 de marzo.

Razóns de seguridade xurídica fan aconsellable a aprobación dunha norma que regule de maneira completa o procedemento de extensión de convenios colectivos, á vista da nova redacción do citado artigo do Estatuto dos traballadores, o que se leva a cabo mediante este real decreto.

O procedemento de extensión de convenios colectivos que se aproba presenta como novidades respecto da anterior regulación o recoñecemento da competencia

para resolver o procedemento, segundo os casos, ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou ao órgano correspondente das comunidades autónomas, así como a adecuación dos trámites do procedemento ao prazo máximo legalmente establecido de tres meses de duración.

Nesta nova regulación tívose especialmente en conta o acordado, no seu momento, pola Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e a Mediana Empresa, a Unión Xeral de Traballadores e a Confederación Sindical de Comisións Obreiras, no marco da Comisión de Aplicación e Interpretación do Acordo Interconfederal para a Cobertura de Baleiros de 1997. Estas organizacións, dando cumprimento ao establecido no Acordo interconfederal de negociación colectiva de 2003, prorrogado para 2004, dirixíronse ao Goberno e puxéronlle de manifesto a inexistencia dunha norma regulamentaria conforme coa nova redacción do artigo 92.2 do Estatuto dos traballadores, para regular o procedemento de extensión de convenios colectivos.

Por outra parte, o texto deste real decreto recolle o consenso acadado entre o Goberno e as organizacións empresariais e sindicais antes citadas no marco do diálogo social aberto coa «Declaración para o diálogo social 2004: competitividade, emprego estable e cohesión social», subscrita o 8 de xullo de 2004. Ademais, este real decreto foi consultado a todas as organizacións sindicais e empresariais que teñen a consideración de máis representativas.

Este real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira primeira da Lei 24/1999, do 6 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xuño de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto do procedemento.*

1. O procedemento regulado neste real decreto ten por obxecto a extensión das disposicións dun convenio colectivo en vigor no suposto e condicións previstos no artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

2. Cos efectos previstos no artigo 82.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, poderanse estender as disposicións dun convenio colectivo en vigor de ámbito superior ao de empresa a unha pluralidade de empresas e traballadores ou a un sector ou subsector de actividade pertencentes ao mesmo ou a similar ámbito funcional ou con características económico-laborais equiparables, tendo en conta a actividade onde vaia ser aplicado e que non estean vinculados por convenio colectivo, calquera que fose o seu ámbito, polos prexuízos derivados para aqueles da imposibilidade de subscribir no dito ámbito un convenio colectivo dos previstos no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, debida á ausencia de partes lexitimadas para iso.

No caso de inexistencia de convenio colectivo que se poida estender con ámbito de aplicación superior ao de empresa, poderase estender subsidiariamente, con carácter excepcional, un convenio de empresa a unha pluralidade de empresas e de traballadores ou a un sector ou subsector de actividade de análogas condicións económicas e sociais.